

Expediente IET: P-19-673
Proxecto: Parque eólico Monte do Cordal
Concello: Friol (Lugo)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 25/08/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Monte do Cordal.

1. Antecedentes:

Con datas do 13/12/2019 e 26/05/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu informes sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe consiste nun escrito de resposta (data do 27/07/2022) ao informe do IET do 26/05/2021, e nun documento denominado *Valoración paisaxística de la propuesta de modificación del parque eólico Monte do Cordal* con data de xullo 2022. Nese documento indícase que se produce unha modificación do proxecto polo que se presenta unha avaliación da incidencia sobre a paisaxe derivada da nova configuración das



infraestruturas do parque, e se da resposta ás consideracións efectuadas polo IET no informe mencionado anteriormente.

As principais modificacións do parque consisten en:

- Redúcese o do número de aeroxeradores pasando de 3 a 2 (elimínase a máquina AE-04) e desprázanse as máquinas AE-01 (1.560 metros ao sur) e AE-02 (141 metros ao leste), para reducir as afeccións visuais sobre o Camiño de Santiago.
- Cambio no modelo de aeroxerador pasando dunha máquina de 107 metros de altura de buxa e 150 metros de diámetro de rotor, a un aeroxerador de 122,5 metros de altura de buxa e 155 metros de diámetro de rotor. A altura total das infraestruturas pasa de 182 metros a 200 metros. A potencia total instalada pasa de 12,6 MW a 13,2 MW.
- Desprázase o centro de seccionamento e control uns 70 metros ao sur da posición orixinal motivado pola nova localización do AE-01.
- Modifícase o deseño dos accesos internos ao parque e das plataformas para adaptalos á novas posicións e modelo de aeroxerador. A lonxitude total de camiños é de 2.556, incrementáanse en 433 metros a proposta orixinal, dos cales 1.562 metros (aumento de 139 metros) son pistas existentes á acondicionar e 994 metros de camiños de nova creación (aumento de 294 metros).
- Outras actuacións son a creación dunha segunda zona de acopios de materiais próxima ao aeroxerador AE-01, e a modificación do trazado dunha parte das gabias soterradas de cableado para evitar o cruzamento cun rego que non conta con infraestrutura de paso.

A documentación inclúe un estudo da visibilidade do proxecto modificado mediante o cálculo da cunca visual para un radio de 15 km, e se compara o resultado co proxecto orixinal apoiándose en distintas infografías; analízanse os impactos visuais sobre núcleos de poboación, vías de comunicación e sobre elementos de interese paisaxístico tendo en conta, ademais, as sinerxías cos outros desenvolvementos eólicos na contorna, e se incorpora un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.

Segundo a análise de visibilidade realizada para a nova configuración do parque, redúcese lixeiramente a superficie da cunca visual dos aeroxeradores, producíndose desafeccións de terreos ao nordés, noroeste e oeste e aumentando noutras zonas ao sur. Porén, segue a producirse unha alta incidencia visual sobre os núcleos de poboación situados próximos ao proxecto, agravada pola sinerxía con outros parques eólicos en funcionamento, autorizados, ou en tramitación, algún deles localizados a curta distancia (PE Friol). No caso da incidencia visual sobre o Camiño de Santiago (Camiño do Norte. Ruta da Costa), a eliminación dun aeroxerador e o desprazamento das outras dúas posicións afastándoas do trazado, así como a presenza de vexetación arbórea nas marxes da ruta, atenúa en parte a visibilidade das infraestruturas.

4. Conclusión:

A documentación achegada adecúase ás consideracións efectuadas no informe do IET do 26/05/2021. Para dar cumprimento ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, deberá incorporarse ese contido ao EIIP do proxecto, sen que sexa necesario sometelo a un novo informe do IET.

A modificación do proxecto non reduce de maneira substancial a superficie das cuncas visuais dos aeroxeradores polo que como se tiña indicado no informe do 26/05/2021, os principais impactos producíranse sobre o Camiño de Santiago (Camiño do Norte. Ruta da Costa) e sobre os núcleos de poboación máis próximos. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. A este respecto, considérase adecuada a medida recollida no EIIP, relacionada coa





directriz de paisaxe DX.20.c, de prever a execución de pantallas vexetais nos núcleos de poboación de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

